



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

Expte núm.: 2022/E001/000028

ANUNCIO

Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de auxiliar de axuda a domicilio do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022). Estabilización do emprego temporal. Resultado do proceso selectivo.

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de auxiliar de axuda a domicilio do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante resolución núm. 2697/2023, do 11 de decembro de 2023, do concelleiro delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, adoptou na súa sesión do 19/01/2024 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª a Lei 20/2021, do 28 de decembro), (BOP da Coruña núm. 231 do 07/12/2022) e da base 6ª das bases específicas para a cobertura dunha praza de auxiliar de axuda a domicilio (BOP da Coruña núm 241 do 22/12/2022), procede a á valoración dos méritos da única aspirante presentada e dispuxo a publicación do resultado para os efectos da presentación de reclamacións que se considerasen oportunas, sen que durante o prazo concedido se tivera presentado ningunha.

O organo de selección, en sesión que tivo lugar o día 19/01/2023 adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso e a declaración de apta na proba de galego do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha (1) praza de auxiliar de axuda a domicilio do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Caínzos Prieto, María Carmen	30 puntos	20 puntos	50 puntos

Segundo.- Proponer á Concellería-delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos a Veciñanza e Recursos Humanos a **contratación** de **María Carmen Caínzos Prieto**, na categoría de **persoal laboral asimilado a Subgrupo C2**, do cadro de persoal laboral fixo (asimiliada a agrupación profesional) do concello das Pontes de García Rodríguez.

Tercero.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), publicar un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes, así como na páxina web municipal.

Cuarto.- A persoa aspirante proposta polo Tribunal deberá presentar no concello, a través da sede electrónica, no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello, a seguinte documentación:

- Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- Declaración responsable de non ter sido separadp/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

- d) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- e) Acreditación documental da conta bancaria no que se farán os seus ingresos nominais.

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forma maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, Beatriz Domínguez Ferreiro, na data da sinatura dixital